

PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO (1º e 3º ESO) E AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO (2º e 4º ESO) E MATERIAL ESCOLAR (toda a ESO)

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o **23 de xuño de 2016***.
*O alumnado que repita 4º de ESO no curso 2016/17, cando non tivese presentado solicitude de axuda para adquirir libros de texto e material escolar no prazo indicado, tamén poderá presentala no prazo dun (1) mes desde a formalización da matrícula.
- Empregarase un único impreso para solicitar a participación no fondo de libros de texto, axudas para adquisición de libros de texto e axudas para adquirir material escolar.
- Utilizarase unha única solicitude para todo o alumnado membro da unidade familiar que estea matriculado neste centro.

INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR O FORMULARIO DE SOLICITUDE

Datos da persoa solicitante: Datos do pai/nai/titor(a).

E, na súa representación: Non é necesario cubrir este apartado se asina o pai/nai/titor(a).

Enderezo para os efectos de notificación: Non é necesario cubrir se coincide co expresado en "Datos da persoa solicitante"

Datos do centro:

Denominación: IES de Mos Concello: Mos

Centro: Público Código do centro: 36020131

Datos do alumnado: Se incluírá(n) ao(s) alumno(s) que vaia(n) cursar os seus estudos no IES de Mos no curso 2016/2017. O apartado de *estudos curso 2016/2017* se completará co curso no que o/a alumno/a espere estar matriculado o vindeiro curso.

Membros da unidade familiar: Situación a 31/12/2014. Non se incluírán ni a persoa solicitante nin o alumnado para o que solicita a axuda; só o resto de membros da unidade familiar.

Documentación que se presenta:

A SOLICITUDE, NO CASO DE QUE AUTORICEN A CONSULTA TELEMÁTICA DE DATOS, SÓ DEBERA IR ACOMPAÑADA DO LIBRO DE FAMILIA, CERTIFICADO OU RESOLUCIÓN DO GRAO DE DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33% (AGÁS SE FOI RECOÑECIDA POLA XUNTA OU SI SE TRATA DUNHA PENSIÓN DE INCAPACIDADE PERMANENTE E AUTORIZA A SÚA VERIFICACIÓN), DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO, E RESOLUCIÓN XUDICIAL DE INCAPACITACIÓN CON PATRIA POTESTADE PRORROGADA OU REHABILITADA, NO CASO DE EXISTIR ALGUNHA DE ESTAS SITUACIÓNS. Se o Libro de familia non reflicte a situación a 31/12/2014, deberán acreditar o número de membros da unidade familiar mediante sentenza de separación ou divorcio e/ou convenio regulador, certificado ou volante de convivencia, informe dos servizos sociais do concello e/ou certificado de defunción.

TAMÉN DEBERÁN ACOMPAÑAR COPIA DA PRIMEIRA FOLLA DA SOLICITUDE PARA QUE SEXA SELADA.

Consentimentos e autorizacións. Membros computables da unidade familiar distintos da persoa solicitante. Se incluírán todos os membros da unidade familiar agás ao pai/nai/titor(a) que asina a solicitude.

MEMBROS COMPUTABLES DA UNIDADE FAMILIAR:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) A persoa proxenitora separada legalmente ou divorciada, cando haxa custodia compartida.
- c) Os/as fillos/as menores de idade con excepción dos emancipados.
- d) Os/as fillos/as maiores de idade discapacitados ou incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- e) Os/as fillos/as solteiros/as menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
- f) A persoa que, por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.

Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar en 31 de decembro de 2014, agás no relativo á violencia de xénero, que se aplicará o disposto na lexislación específica.

OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

As persoas beneficiarias de libros procedentes do fondo solidario do centro ou de axudas para adquirir libros de texto terán as seguintes obrigas:

1. Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2015/16.

Está excluído desta obriga o alumnado beneficiario de axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de EP e o alumnado de EE ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, sempre que os libros ou o material adquirido non se poidan reutilizar.

A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas para adquirir libros de texto e material escolar no curso 2016/17.

2. Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2016/17 e devolvelos ao rematar este, en xuño ou setembro, segundo o caso.

3. Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.

4. Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.

5. Respetar as obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA:

1. Para os efectos desta orde, a renda per cápita da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do exercicio fiscal 2014 entre o número de membros computables, tendo en conta que computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

2. A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Cando presentase declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2014, sumaranse a base imponible xeral (recadro 430) e a base imponible do aforro (recadro 445); cando non a presentase, sumaranse os ingresos netos obtidos durante o exercicio 2014.

3. Nos casos de violencia de xénero non se terán en conta os ingresos do agresor para determinar a renda per cápita da unidade familiar.

A Orde pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e axudas para adquirir libros de texto e material escolar estará a disposición dos pais/nais/titores(as) na Secretaría do centro para que a consulten e completen os datos resumidos neste impreso.